

# **REGULAMENTO DE COMPETICIÓN MARIO KART**



# ÍNDICE

|                              |          |
|------------------------------|----------|
| <b>ÍNDICE</b>                | <b>2</b> |
| <b>1. Normativa Xeneral</b>  | <b>3</b> |
| 1.1. Introducción            | 3        |
| 1.1. Rexistro e inscrición   | 3        |
| 1.2. Premios                 | 3        |
| <b>2. Mecánica do torneo</b> | <b>4</b> |
| 2.1. Formato                 | 4        |
| 2.2. Organización            | 4        |
| 2.3. Penalización            | 4        |

# **1. Normativa Xeral**

## **1.1. Introducción**

- a) O Torneo RIANXO GAMING EXPERIENCE está organizado por LUA GAMING, en diante “a organización”..
- b) A normativa actual estará suxeita a calquera cambio que decida realizar a organización con motivo de posibles actualizacións do xogo ou situacións non contempladas na mesma.

## **1.1. Rexistro e inscrición**

- a) Poderá participar calquera xogador residente en territorio da Unión Europea. Os participantes menores de 16 anos non poderán participar no Torneo sen a autorización do seu pai, nai ou titor/a legal. A participación do menor neste Torneo implica a aceptación destas bases legais por parte do seu pai, nai ou titor/a legal.
- b) Para participar é obrigatoria a inscrición correspondente no clasificatorio a través do formulario habilitado.
- c) A participación no Torneo é gratuíta, non será necesario o pago de cota ou cantidade algunha para a participación e, no seu caso, a obtención do premio.
- d) A organización resérvase o dereito de dar de baixa e expulsar automaticamente a calquera participante que, a xuízo da mesma, realízase ou pretenda realizar un mal uso ou un abuso do Torneo, coa correspondente cancelación da súa participación.

## **1.2. Premios**

- a) Os premios do torneo serán anunciados nas redes sociais do evento.

## **2. Mecánica do torneo**

### **2.1. Formato**

- a) Faranse grupos de competición de 4 persoas cun sistema de eliminación directa por clasificación da carreira.
- b) Os 4 participantes que despois da eliminación de grupos serán os que participen na final.
- c) Xogarase en modo Carrera VS individual a 150 CC.
- d) Cada fase consta de 4 carreiras en circuitos aleatorios.
- e) Poderase escoller calquera combinación de vehículo, rodas e cometa.
- f) Habilitaranse todos os obxectos.
- g) A dificultade da CPU será normal.
- h) Está prohibido o uso da asistencia nas curvas e a aceleración automática a maiores de 8 anos.
- i) Poderase escoller o xiro con mando ou co joystick.

### **2.2. Organización**

- a) Os xogadores terán 5 minutos para aparecer cando sexan chamados.
- b) O árbitro ou o staff no seu lugar terá a última decisión no caso de que o considere oportuno.

### **2.3. Penalización**

- a) Calquera falta de respecto ao rival ou á administración do torneo poderá ser sancionada coa descualificación do torneo.
- b) Calquera uso indebido das canles de comunicación internos do xogo ou externos serán sancionados coa descualificación do torneo.
- c) Os administradores da competición gádanse o dereito para sancionar calquera comportamento en contra dos valores deportivos.